
U + Sociedade P3

Debate sobre a gobernanza da Universidade na Conferencia de Consellos Sociais de Sevilla

Antonio Abril Abadín

PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UDC

U + Transferencia P4-5

A cantidade e calidade dos proxectos demostran a forza investigadora da Facultade de Filoloxía da UDC

U + Debate P6

Humanidades necesarias como o aire que esiximos trece veces por minuto

Olivia Rodríguez González

Sensacións en soporte dixital

María Jesús Cabarcos Traseira

U + Docencia P7

Centro de Linguas
O coñecemento de idiomas, unha esixencia para o universitario do futuro

Primeiro Plano P8-9

Xavier Alcalá

ENXEÑEIRO DE TELECOMUNICACIÓNS, DOCENTE E ESCRITOR



U + Reportaxe P10

Lectorados

Os ecos da lingua galega escóitanse en corenta universidades do mundo

U + Centros P11

Facultade de Filoloxía

Os profesionais das letras súmanse á innovación ao servizo da sociedade

U + Emprendedores P12

Galebook

Na procura do libro electrónico galego

U + Empresa P13

Cámara de Comercio da Coruña

Unha colaboración activa na aposta pola internacionalización dos profesionais coruñeses

U + Profesionais P14

Eva Parga Dans

LICENCIADA EN SOCIOLOXÍA POLA UDC E INVESTIGADORA DO CSIC

U + Actualidade P15

Inditex e a UDC colaborarán para impulsar accións de responsabilidade social

A Universidade realizará un estudo sobre o impacto do porto exterior no emprego da cidade da Coruña

Carlos Amoedo substitúe a Xosé Manuel Carril á fronte da Secretaría Xeral da UDC

U + Personaxes P16

Xosé Luís Méndez Ferrín

PRESIDENTE DA REAL ACADEMIA GALEGA



EDITA

Universidade da Coruña Vicerreitoría de Cultura e Comunicación

REITORÍA
RÚA DA MAESTRANZA 9
15001 A CORUÑA
TEL. 981 167 000 EXT. 1047
comunicacion@udc.es

INFORMACIÓN E SUXESTIÓNS

comunicacion@udc.es
www.udc.es

COORDINACIÓN, TEXTOS E
FOTOGRAFÍA:
Gabinete de Comunicación

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:
**Servizo de Normalización
Lingüística**

DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Sistema Diseño

DEPÓSITO LEGAL:
C 2038-2009

Impreso en papel 100% ecolóxico



ENDEREZOS DE INTERESE

Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade- Empresa

R/DR. VÁZQUEZ CABRERA, S/N
CAMPUS DE FERROL
15403 FERROL
TEL. 981 337 400 EXT. 3800
vfrue@udc.es

OTRI: Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación

EDIFICIO DE SERVICIOS CENTRAIS
DE INVESTIGACIÓN
CAMPUS DE ELVIÑA S/N
15071 A CORUÑA
TEL. 981 167 173
ucotri@udc.es

Portal de Emprego

[http://www.udc.es/
saee/empregoudc/](http://www.udc.es/saee/empregoudc/)

Servizos de Apoio á Investigación

EDIFICIO SERVICIOS CENTRAIS
DE INVESTIGACIÓN
CAMPUS DE ELVIÑA S/N
15071 A CORUÑA
TEL. 981 167 000 EXT. 2072
sxaisec@udc.es

Observatorio Ocupacional

CENTRO UNIVERSITARIO DE RIAZOR
ALMIRANTE LÁNGARA S/N
15011 A CORUÑA
TEL. 981 167 000. EXT. 2651
col@udc.es

Vicerreitoría de Investigación

RÚA DA MAESTRANZA 9
15001 A CORUÑA
TEL. 981 167 003
vi@udc.es

DIRECTORIO

OREI TOR

José María Barja Reitor da Universidade da Coruña Os cambios das humanidades

Sen dúbida, unha das áreas de investigación universitaria que viviu máis e constantes cambios é o das humanidades. Se os seus obxectivos e finalidade non mudaron substancialmente, o progresivo desenvolvemento das ciencias experimentais e da tecnoloxía durante o século XX leváronos a unha perigosa escisión entre os saberes e as destrezas de ambos os campos, como se fosen ámbitos independentes e sen diálogo posible. Un falso pragmatismo, atento só ao inmediato, e á actual mentalidade economicista, tan contrarios ambos á esencia da universidade europea, social e expansiva, crítica e autónoma, parecen querer relegar este ámbito das humanidades ao terreo do anecdótico. A realidade é ben diferente ao que dita o tópico e, todo hai que dicilo, os saberes humanísticos actuais utilizan con rigor as novas ferramentas de traballo e saben aproveitar con éxito as novas tecnoloxías e aplicacións metodolóxicas. Lonxe fica a imaxe de eruditos cercados no seu mundo sen outros recursos que silenciosas bibliotecas e o seu pensamento. Os recintos pechados foron substituídos polos recursos ilimitados de internet e na mesma medida que foron mudando os ámbitos e as formas de investigación tamén o fixeron as saídas profesionais destas

titulacións. Pasaron de ser xeradores e transmisores de coñecemento a seren tamén actores fundamentais á hora de responder a problemas científicos e técnicos actuais.

Na situación actual, por tanto, o reto xa non o lanzan os científicos experimentais aos humanistas, senón os novos humanistas, armados coas novas tecnoloxías, a quen aínda concibe o futuro compartimentado en saberes estancos e puramente técnicos. O concepto vulgar de utilidade, tan usado neste debate, vólvese así en favor das humanidades e das titulacións de letras en xeral. Cada vez máis, reclámase por parte das empresas e da sociedade en xeral persoas con capacidade de adaptación cultural, con pensamento crítico, preparadas para a globalidade, adaptadas á interdisciplinariedade que esixe o mundo actual.

Na Universidade da Coruña temos bos exemplos de adaptación aos novos tempos. A Facultade de Filoloxía, e non só ela, tamén a propia Facultade de Humanidades, renovou totalmente os seus plans de estudos, movida polas directrices marcadas polo Espazo Europeo de Educación Superior, e soubo aproveitar esta escusa para elaborar titulacións rigorosas co coñecemento,

atractivas para o estudiantado e con posibilidades de futuro profesional.

O Libro branco de la investigación en Humanidades, editado pola Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología en 2006, incide na importante función social da investigación nesta área "ao conservar e potenciar o patrimonio cultural, desenvolver habilidades comunicativas e expresivas, orientar a sociedade e fomentar a capacidade crítica". Este documento salienta, ademais, a importancia das persoas expertas nestes temas para interpretar e analizar o mundo construído polas sociedades humanas, así como a reflexión e a cimentación de coordenadas para a adaptación á convivencia. "A investigación en humanidades contribúe ao desenvolvemento da capacidade crítica e de criterios éticos imprescindibles para a preservación e o coñecemento da sociedade presente e pasada", engade o informe.

Á fin de contas, e por poñer un exemplo recoñecible, ben está saber construír unha computadora máis potente ou un sitio web atractivo, mais de nada servirá o anterior se non hai quen conciba, razoe, escriba e desenvolva os seus contidos.



Antonio Abril Abadín

Presidente do Consello Social da Universidade

Debate sobre a gobernanza da Universidade na Conferencia de Consellos Sociais de Sevilla

Os pasados días 15 e 16 de abril realizáronse na Universidade de Sevilla as Xornadas da Conferencia dos Consellos Sociais das Universidades Públicas Españolas (CCS) baixo o título: "Consejos Sociales, un puente entre sociedad y universidad". As xornadas contaron coa intervención do secretario xeral de Universidades do Ministerio de Educación, Márius Rubiralta; á súa clausura acudiu a ministra de Ciencia e Innovación, Cristina Garmendia, e nelas debateuse, entre outros temas, o da gobernanza da universidade.

O marco para o debate foi o documento: "Estrategia Universidad 2015. La gobernanza de la universidad y sus entidades de investigación e innovación" elaborado en xaneiro deste ano pola Fundación CYD e a CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas) sobre a situación actual da gobernanza universitaria e os seus retos, incluída unha ampla exploración da casuística internacional.

O documento comeza resaltando o papel decisivo que as universidades están chamadas a desempeñar no reto que se lle presenta a España para a súa plena incorporación á sociedade do coñecemento, afirmando con decisión que a consecución deste reto require non só adaptar métodos pedagóxicos e plans de estudo, estruturas de investigación e de transferencia e comunicación do saber, senón tamén tratar reformas funcionais no seu sistema de goberno e de xestión, fortalecendo a vertente executiva dos órganos unipersoais de goberno fronte ás burocratizadas estruturas colexiadas.

Baixo a epígrafe "Elementos para un debate", analízase en profundidade a misión e os obxectivos da reforma da gobernanza. Trátase de lograr que a universidade española sexa de verdade un elemento clave na consecución e no desenvolvemento de valores económicos e sociais relevantes, de que poida competir con garantías no contexto internacional, servir de elemento dinamizador da economía nacional, desenvolvendo coñecemento e proxectos de I+D+i e transferindo os seus resultados ao tecido produtivo, e garantir que se imparta unha ensinanza non só de calidade, senón tamén adaptada en todo momento ás cada vez máis diversas e cambiantes esixencias do mercado de traballo e da sociedade do coñecemento.

A reforma debe lograr, a curto prazo, incrementar a axilidade na toma de decisións, fortalecer a relación sociedade-universidade, permitir unha planificación estratéxica a medio e longo prazo, por riba de condicionamentos políticos e presións de grupos de interese internos circunstanciais, e incrementar a transparencia e a responsabilidade na rendición de contas.

O documento propón os principios que deben inspirar a folla de ruta da reforma: implantación progresiva, flexible e adaptada á cultura e á diosincrasia da sociedade española -fuxindo da importación automática de experiencias alleas- comunicación, asimilación e aceptación pola comunidade universitaria.

A análise da experiencia internacional sobre modelos de gobernabilidade das universidades reflicte varias tendencias básicas:

- Fortalecemento do poder dos órganos individuais de goberno fronte aos colectivos: reitor (que mesmo pode non ser académico) e o seu equipo de xestión dotados de maior autonomía, autoridade e marxe de manobra para cumprir cos obxectivos marcados pola Xunta de Goberno, co fin de facilitar unha toma de decisións máis rápida, áxil e flexible, coa conseguinte contraposición en termos de maior responsabilidade e rendición de contas da súa xestión.
- Maior profesionalización das tarefas de xestión universitarias, o que leva a que formen parte do equipo executivo profesionais da organización e da xestión, aínda que non sexan académicos.

- Existencia dunha Xunta de Goberno con crecente presenza de membros externos á universidade, elixidos individualmente (por tanto, sen representación da institución ou empresa de que, de ser o caso, procedan) en función da súa relevancia e méritos na vida social, económica ou cultural e en cuxa designación participan decisivamente os órganos colexiados universitarios. Esta Xunta de Goberno designa o reitor e define a misión estratéxica da universidade.

- Aumento da autonomía universitaria, como vía para a diferenciación, competitividade e excelencia das universidades, dentro dun mínimo marco legal de referencia (diminución da regulación) especialmente no campo do recrutamento, avaliación, promoción e retribución do profesorado.

A hipotética incorporación destas tendencias ao sistema español requiriría unha reforma lexislativa en que terían que se tratar temas esenciais para a gobernanza, como o proceso de elección ou designación do reitor, en que claramente o documento opta polo modelo anglosaxón de reitor designado e removido por unha Xunta de Goberno, con decisiva influencia de membros externos á Universidade, se ben adaptada á tradición española, que sempre reservou a autoridades académicas o goberno das universidades, o que levaría a unha especie de terceira vía, en que a propia comunidade universitaria, a través dos seus órganos colexiados de representación, presentaría ternas de candidatos á Xunta de Goberno, lográndose así a lexitimación académica do nomeamento. Nomeado o reitor, debería poder designar directamente os máximos responsables dos centros, como vía necesaria para poder executar de forma integral e coherente o plano estratéxico consensuado coa Xunta de Goberno.

A CCS expresou que comparte plenamente a misión e os obxectivos da reforma e considera que o documento contén os elementos axeitados para xerar un debate que poida facilitar un consenso entre a universidade e a sociedade en torno á gobernanza universitaria.



A cantidade e calidade dos proxectos demostran a forza investigadora da Facultade de Filoloxía da UDC

Cando se fala de investigación e de transferencia de resultados, o protagonismo dos proxectos que se desenvolven na Universidade da Coruña non só o teñen as disciplinas relacionadas coa ciencia e as tecnoloxías, senón que na UDC as letras tamén ocupan un lugar importante na actividade investigadora. En concreto, o profesorado da Facultade de Filoloxía é moi activo e ten un alto nivel neste eido, como asegura a decana, Teresa López. Neste sentido, destaca a

alta porcentaxe de doutores entre o profesorado do centro, así como a súa cualificación, o cal ponse de manifesto no número de sexenios e na cantidade de teses lidas na facultade. Con respecto aos grupos de investigación, actualmente existen doce equipos activos, adscritos aos departamentos de Filoloxía Española e Latina; Galego-Portugués, Francés e Lingüística; e Filoloxía Inglesa. A maioría deles teñen actualmente proxectos de investigación financiados, que abranguen desde

a elaboración de dicionarios ata a catalogación de textos técnicos e doutrinarios, o deseño de modelos tecnolóxicos para a corrección e o tratamento de textos, os estudos sobre literatura de todas as épocas ou a lingüística de corpus. Teresa López asegura que a porcentaxe de éxito en convocatorias competitivas dos grupos é moi alto pois teñen que acudir ás convocatorias de carácter xeral, xa que practicamente non hai convocatorias sectoriais no ámbito das letras.

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

Este departamento conta con tres grupos de investigación centrados na lingüística e na literatura galegas de diversas épocas, así como sobre a lingua e a sociedade da información.

INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA E LITERARIA GALEGA

O grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega (Illa) está coordinado por Manuel Ferreiro e intégranlo preto de vinte investigadores. As súas liñas principais céntranse na gramática, na lingua literaria, na lingüística histórica, na ecdótica e crítica textual, na literatura medieval e contemporánea, así como no teatro. Entre os seus proxectos en vigor figura o estudo sobre a recuperación do patrimonio teatral galego 1880-1923, do que a investigadora principal é Laura Tato, e ten como obxectivo o baleirado de hemerotecas e arquivos públicos e privados na procura de textos dramáticos para a súa edición e estudo. Tamén están a desenvolver un glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa, centrado nas cantigas de amor e de amigo cuxo coordinador é Manuel Ferreiro. Pola súa banda, Francisco

Salinas é o investigador principal do estudo sobre "Narrativa, discurso da historia e construción da identidade na Galiza", consistente na elaboración dun catálogo de novelas históricas galegas desde o século XIX ata o ano 1980. Para alén de desenvolver proxectos de investigación, o grupo Illa foi o encargado de realizar o deseño de contidos da Biblioteca Virtual Galega e ofrece asesoramento lingüístico para todo tipo de empresas, institucións, asociacións e particulares, así como a corrección de textos e o asesoramento estilístico e literario. Tamén realizan estudos, análises sociolingüísticas e traducións.

LINGUA E SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Este grupo, coñecido co acrónimo LYS e coordinado por Margarita Alonso Ramos, centra os seus ámbitos de investigación na intelixencia artificial, na interacción persoa-máquina, no procesamento e na recuperación de textos e información, amais da lingüística, a morfoloxía, a sintaxe, a lexicoloxía e a semántica. Entre as súas liñas de investigacións figura a realización de dicionarios de colocacións, o tratamento

automático das variacións morfosintácticas das palabras ou a análise sintáctica. Os membros deste grupo formaron parte como investigadores principais de tres proxectos de investigación nacionais, cinco autonómicos e dous da UDC. Tamén participaron en dous proxectos financiados pola Unión Europea e en cinco convenios e proxectos de investigación con empresas e institucións. Entre os resultados dos seus proxectos salientan o DICE (Diccionario de Colocaciones del Español), o preprocesador lingüístico para español e galego, o etiquetador morfosintáctico e lematizador de alto rendemento (bautizado como MrTagoo) e o Cascade, que é un analizador sintáctico superficial para tarefas de recuperación e extracción de información.

GRUPO DE INVESTIGACIÓN EN LITERATURA GALEGA CONTEMPORÁNEA

Este grupo, coñecido polo acrónimo Grilaco, céntrase na investigación en literatura galega contemporánea e está coordinado por Xosé M.^a Dobarro Paz. Conta con cinco membros que traballan en diversos proxectos relacionados coa literatura galega.

Departamento de Filoloxía Española e Latina

Este departamento conta con cinco grupos activos, con liñas de investigación moi diversas, que abranguen desde lingüística e literatura ata lexicografía ou textos técnicos.

LITERATURA E CULTURA HISPÁNICA

Este grupo foi constituído en 2005 e agrupa os equipos que levaban traballando en proxectos de investigación desde 1992. Está coordinado por Sagrario López Poza, catedrática de Literatura Española, e as súas liñas de investigación abranguen desde as bibliotecas dixitais de textos españois, emblemática, teatro dos séculos XVI e XVII, literatura e cultura hispánicas medievais, edición de textos medievais, literatura hispanoamericana, linguaxe artística do século XX ou poesía contemporánea. Con respecto aos proxectos en vigor, figura o da Biblioteca Dixital do Século de Ouro II, integrado no Programa Nacional de I+D+i e fondos Feder, así como o “Cancionero general: hechos y problemas”, tamén do Programa Nacional de I+D. No Plan Galego de I+D+i insírense os proxectos “E.F. Granell y la poesía hispanoamericana” e “Autores e textos galegos na poesía castelán medieval”.

LEXICOGRAFÍA

Este grupo está coordinado por Xosé-Álvaro Porto Dapena, catedrático de Lingua Española da UDC. Constituíuse en setembro do ano 2000 e conta cunha importante biblioteca, principalmente de orientación lexicográfica, para os labores documentais dos proxectos vinculados ao grupo. Entre as súas liñas de investigación salienta a elaboración do Dicionario “Coruña” da Lingua Española Actual, no que se está a traballar na elaboración do Corpus Coruña

así como na redacción de artigos. Os resultados destes proxectos, que contan con axudas do Estado e da Xunta, serán colgados na súa páxina web (www.udc.es/dep/fe). Alén diso, desenvolven os traballos preparatorios para elaborar un dicionario da Idade de Prata, nun proxecto que pretende recoller o léxico xeral do período 1885-1936.

ESTUDOS ROMÁNICOS E COMPARADOS

A coordinadora deste grupo (Romanycom) é María Dolores Sánchez Palomino, profesora titular de Filoloxía Románica, e conta con sete investigadores máis. Constituíuse en 2008 e as súas principais liñas de investigación son a historia e a crítica da lexicografía; os estudos lingüísticos no ámbito románico, gramática, dialectoloxía ou sociolingüística; así como a edición e a crítica de textos románicos medievais e os estudos comparados sobre a historia literaria peninsular e as relacións entre as literaturas ibéricas. Con respecto aos proxectos máis sobranceiros, céntranse no “Cancionero de Thibaut de Champagne”, así como nos “Trovadores portugueses y provenzales en las cortes castellanas” e nas fontes da lexicografía galega do século XIX e principios do XX. Os tres proxectos están subvencionados polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e máis por fondos Feder.

PRO GALLAECIA FOVENDA

Este grupo, coordinado por José Eduardo López Pereira, creouse en 2006 para afondar na recuperación da historia, da lingua, da literatura, da cultura e do pensamento en Galicia. Avalado pola longa experiencia e as achegas no eido científico dos seus membros, as súas investigacións

teñen como obxectivo elaborar un traballo multidisciplinar sobre a historia do pensamento galego que configura Galicia como singular no conxunto de todos os pobos, desde os primeiros textos gregos ata a súa etapa de provincia romana e de reino suevo, sen esquecer o período medieval ata a configuración dos estados modernos.

TEXTOS TÉCNICOS E DOUTRINAIS LATINOS

O coordinador deste grupo é Arsenio Ferraces Rodríguez, profesor titular de Filoloxía Latina, e as súas principais liñas de investigación son os estudos sobre ciencia antiga, así como a maxia e a medicina na antigüidade e na Alta Idade Media. Un dos seus proxectos máis destacados, que conta con financiamento do Ministerio de Ciencia e Innovación, é o centrado nos textos médicos latinos dos séculos VI-XI, así como a súa transmisión, edición crítica e estudo léxico.

LITERATURA E TECNOLOXÍAS DA COMUNICACIÓN

Este grupo, coordinado por José María Paz Gago, parte dunha serie de resultados metodolóxicos previos, desenvolvidos en diversos proxectos de investigación ao longo dunha década, que serán aplicados a novos textos audiovisuais e ampliados ás novas narrativas e prácticas escénicas virtuais, complementándoos con outras achegas metodolóxicas procedentes dos Cultural Studies e, en particular, dos Visual Culture Studies. Formado por dez investigadores, abrangue as áreas de fotografía e cinema, literatura española e teoría da literatura, técnicas literarias, comunicación audiovisual e publicidade.

Departamento de Filoloxía Inglesa

Conta con tres grupos de investigación moi activos, que desenvolven traballos relacionados coa cultura e a literatura inglesas e estadounidenses, alén da lingüística de corpus.

CULTURAS E LITERATURAS DOS ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA

O grupo CLEU, coordinado por Begoña Simal, naceu en 2007 e posúe unha clara vocación de especificidade no eido dos estudos americanistas e, máis concretamente, no tratamento multidisciplinar das relacións entre a literatura e o medio. Malia que se enmarca no ámbito dos estudos culturais e literarios, o grupo CLEU tamén aborda outros campos de coñecemento, con liñas de investigación sobre a ecoloxía, a ecocrítica e a etnocrítica comparada, os estudos de xénero nas literaturas estadounidenses e poscoloniais, a ética e a alteridade no cinema e na literatura estadounidenses, a diversidade étnica ou multiculturalidade, así como a literatura de autoras norteamericanas ou a representación da utopía na cultura contemporánea. Un dos obxectivos deste grupo, que fortaleceu a súa estrutura grazas á subvención da Xunta de Galicia a grupos emerxentes promovidos por persoal investigador novel, é a participación de proxectos de I+D financiados en convocatorias públicas. Un

exemplo é o seu proxecto titulado “Ecoloxía humana: as literaturas e culturas de Estados Unidos desde a etnocrítica e a ecocrítica”, enmarcado no programa Incite. Tamén organizan cursos de verán e congresos, e o seu principal reto é seguir consolidando a súa proxección e participar en proxectos e redes internacionais.

LITERATURA E CULTURA INGLESA MODERNA E CONTEMPORÁNEA

Este grupo, coordinado por María Jesús Lorenzo Modia, conta con nove investigadores que desenvolven diversas liñas de investigación centradas na literatura inglesa en xeral, na literatura feminina ou a poscolonial e na análise da cultura inglesa na prensa. Entre os seus proxectos en vigor salienta o titulado “O papel da muller na prensa inglesa no inicio da Idade Moderna: estudo sincrónico e diacrónico”, financiado pola Xunta de Galicia. Outro dos seus obxectivos é achegar a cultura británica a Galicia, con iniciativas como a edición en galego da “Vindicación dos Dereitos da Muller”, de Mary Wollstonecraft; a colección de ensaios críticos ao redor de Galicia e Australia titulada “Vencendo a tiranía do afastamento” e, finalmente, os artigos relativos ás relacións culturais entre o Reino Unido e Galicia.

RESEARCH GROUP FOR MULTIDIMENSIONAL CORPUS-BASED STUDIES IN ENGLISH

Este grupo, coñecido polo acrónimo MUSTE, creouse no ano 2005 e está coordinado por Isabel Moskowich-Spiegel Fandiño. Entre as súas liñas de investigación principais destaca a lingüística de corpus, así como a lingüística acrónica do inglés e sobre todo problemas de morfoloxía e léxico. En concreto, o MUSTE é un grupo de gran prestixio no ámbito da lingüística de corpus e, de feito, acaba de organizar o congreso internacional desta disciplina. Con respecto aos seus proxectos en vigor máis destacados, figura unha investigación centrada en corpus de textos científicos e históricos dos séculos XVIII e XIX. Está financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación e pola Xunta de Galicia, ten como obxectivo catalogar, etiquetar, adaptar o formato e computerizar estes textos, co obxectivo de comercializar os resultados. De feito, están a realizar negociacións cunha editorial internacional especializada, mentres proséguen na elaboración deste complexo estudo, que abrangue desde textos de astronomía, física e química ou bioloxía, ata filosofía, historia e lingüística.

Olivia Rodríguez González

Profesora de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da UDC

Humanidades necesarias como o aire que esiximos trece veces por minuto

A cultura humanística non é luxo, senón alimento necesario para a nosa supervivencia como especie intelixente. Cómpre interrelacionar ciencias experimentais e humanas para atendermos á necesidade de coñecemento e de tecnoloxía, máis aló das circunstancias efémeras dos ciclos económicos globais do capitalismo en que estamos inmersos. Profesionais e investigadores en humanidades conxugan recursos locais e universais, ofrecen a canle de expresión das culturas diversas, interpretan e manexan a linguaxe verbal, clave do coñecemento e da comunicación, materia artística de primeira orde, código para descifrar mundos pretéritos de rica heranza e albisca posibles e mellores futuros.

A nosa investigación non é rechamante nin precisa investimentos cuantiosos, pois abonda coa memoria, a razón e a imaxinación, o discurso dialogado e a información procurada na biblioteca,

sexa cal for o soporte, ou o libro, ou as novas redes que nos confirman coa súa universalidade que o ser humano, único e á vez diverso, pode ficar desamparado nun mundo construído sen humanismo. Non hai industrias farmacéuticas, bélicas, enerxéticas, ambientais etc. con urxencia de nós, pois en nós non ven utilidade práctica inmediata.

O traballo humanístico ten un calado distinto, só perceptible para empresas que saben que é preciso voar máis alto, pois fornece ferramentas para ollarmos e interpretarmos a realidade. Fronte á tiranía dos que mercadean coa Transcendencia ou a pura Materia, apón a Ética e a Estética. O seu destinatario será sempre o ser humano, ese bípode implume que hai pouco abandonaba as cavernas: soberbio e admirable Prometeo, sempre exposto ao engano de que a morte pode ser burlada cos mundos virtuais.



María Jesús Cabarcos Traseira

Profesora do Departamento de Filoloxía Inglesa da UDC

Sensacións en soporte dixital

Hoxe asistimos ao despegue do libro dixital e en min isto suscita unha combinación de nostalgia e expectación. Non creo que nin o iPad nin o Kindle consigan reproducir o olor das páxinas dun libro que acabamos de abrir, pero eu, cando menos, tampouco llo vou pedir. Claramente, os dispositivos de lectura dixital deben continuar avanzando ata poñerse ao alcance do público lector en xeral. Deben dixitalizarse máis libros, as editoriais e os autores deben deseñar fórmulas que permitan compaxinar os seus intereses, e máis escritores deben querer difundir (ou crear) a súa obra en soportes variados. Porén,, ilusíoname pensar na comodidade de viaxar ou pasar horas nunha sala de espera cunha completa biblioteca portátil a que recorrer segundo a miña inclinación en cada momento.

Na Feira do Libro de Frankfurt de 2008 apuntábase que para o ano 2018 o libro dixital en España superaría en volume de negocio ao de formato en papel, mais desde o meu punto de vista non se trata de ter que optar polo papel ou polo bit. Paulo Coelho, homenaxeado ese ano na Feira tras superar os 100 millóns de exemplares vendidos, comentou que colgara na súa páxina web unha copia gratuíta do seu libro máis famoso, O alquimista, ante a evidencia de que circulaba pirata pola rede. Unha consecuencia directa desta decisión foi que, ese mesmo ano, as vendas dos seus libros (principalmente en soporte papel) pasaron de 1000 a 10 000 copias. Ao seguinte, subiron ata as 100 000. No momento en que falaba, só en Rusia vendera 10 millóns de libros...



Centro de Linguas

O coñecemento de idiomas, unha esixencia para o universitario do futuro

O lingüista australiano de orixe húngara Stephen Würm, que estudou varias das arredor de oitocentas linguas faladas en Papúa Nova Guinea, sabía 58 idiomas, catorce deles como nativo. Para aprender portugués bastoulle o tempo de traxecto dunha viaxe de avión. Con esta anécdota explica o director do Centro de Linguas da Universidade da Coruña, Mauro Fernández, as enormes posibilidades que abre o coñecemento dun idioma estranxeiro o suficientemente diferente ao noso para aprender novas linguas.

Non se trata de “ser todos políglotas” nin achegármonos á excelencia do prestixioso lingüista, pero si considera, o director deste centro, que se ben é de todos sabido que o inglés é moi importante para desenvolverse a nivel profesional, para o universitario do futuro non é suficiente con aprender un único idioma estranxeiro. “Hai que estimular, o primeiro, o coñecemento das linguas dos nosos veciños: o portugués, o francés, o italiano, sen esquecer as outras linguas de España”.

A aprendizaxe destes tres últimos idiomas, xunto co alemán e, por suposto, o inglés, pódese realizar no Centro de Linguas da Universidade da Coruña, coa vantaxe de que o sistema de ensino está deseñado en cursos curtos, de trinta horas, polo que se adaptan ás necesidades, tanto dos alumnos como dos profesores e do persoal de administración e servizos que queiran aprender unha lingua neste centro, situado na Facultade de Filoloxía, que tamén está aberto ao público en xeral, aínda que con outras tarifas.

“Cantas máis linguas saibamos máis posibilidades teremos de aprender outras”, sinala Mauro Fernández, aínda que recoñece que actualmente o nivel dos estudantes que acoden a este centro non é demasiado alto. No caso do inglés sitúase no rango intermedio, algo por debaixo do que cabería esperar tras a formación do bacharelato, e no resto dos idiomas normalmente a formación iníciase no nivel básico. Con respecto á acollida destes cursos, gaña por goleada o inglés, seguido de lonxe polo francés, empatados en terceiro lugar o alemán e o italiano e, en último posto, o portugués.

En total son entre 1.800 e 2.000 os alumnos que cada ano se matriculan nalgún dos cursos divididos en seis niveis que oferta o Centro de Linguas. Este servizo da Universidade naceu co obxectivo de enriquecer a competencia lingüística dos universitarios coruñeses co fin de favorecer a súa mobilidade, o intercambio de información e a adaptación a contornos de traballo e de vida en que se integran linguas e culturas diferentes. Por este motivo, o centro desenvolve continuamente campañas para chamar a atención dos estudantes sobre a necesidade de avanzar no multilingüismo como peza imprescindible da sociedade do coñecemento.

E neste multilingüismo ten cabida tamén o galego, xa que os alumnos estranxeiros dos programas Erasmus que chegan á Universidade da Coruña teñen a posibilidade de aproximarse non só ao español, senón tamén á nosa lingua a través de cursos gratuítos.

Con respecto ao inglés, recoñece o director do centro que a necesidade de aprender este idioma é unha realidade, e considera que existe unha carencia bastante alta na sociedade española en xeral. Para Mauro Fernández, os factores que inflúen neste baixo nivel no coñecemento do idioma, sobre todo a nivel oral, non se cinguen só a cuestións relacionadas co sistema educativo, senón tamén ás propias características das linguas de partida en Galicia, onde coexisten dous idiomas oficiais de raíz románica moi afastados das características das linguas anglosaxonas.

“É moito máis doado aprender inglés para un danés, un holandés ou un alemán que para nós”, lembra Mauro Fernández, que engade que “pensamos en modelos como Suecia onde todo o mundo ten un nivel magnífico, pero a nós vainos resultar máis difícil e por iso temos que empezar antes coa aprendizaxe”. Neste sentido, considera imprescindible entrar en contacto coa lingua que se vai aprender, sexa inglés ou calquera outra, a idades temperás, e tamén realizar as clases en grupos reducidos, algo que está garantido no Centro de Linguas da UDC, onde os grupos son pequenos e permiten o contacto directo co profesor e o desenvolvemento de sesións dinámicas.

CURSOS DISPOÑIBLES NA UDC

- Cursos abertos a alumnos, profesores, persoal de administración e servizos e público xeral, adaptados ao marco europeo de referencia para o ensino e a aprendizaxe das linguas
- Idiomas: inglés, francés, alemán, italiano e portugués. Español e galego para estranxeiros
- Cursos de 30 horas (impártense en sete semanas e media) en seis niveis, cun número variable de módulos en cada un segundo a lingua



Xavier Alcalá

Enxeñeiro de Telecomunicacións, Docente e Escritor

“Veremos morrer o sistema de produción de textos, pero o libro convencional non desaparecerá nunca”

Universidade e Sociedade Blogpaper



Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Transferencia P4-5

Actividade investigadora na Facultade de Filoloxía

U + Debate P6

Olivia Rodríguez González
M^a Jesús Cabarcos Traseira

U + Docencia P7

Centro de Linguas

Primeiro Plano P8-9

Xavier Alcalá

U + Reportaxe P10

Lectorados

U + Centros P11

Facultade de Filoloxía

U + Emprendedores P12

Galebook

U + Empresa P13

Cámara de Comercio da Coruña

U + Profesionais P14

Eva Parga Dans

U + Actualidade P-15

U + Personaxes P16

Xosé Luís Méndez Ferrín

Xavier Alcalá (Miguelterra, Cidade Real, 1947), enxeñeiro de Telecomunicación e doutor en Informática. Profesor da Universidade da Coruña. Alén da súa profesión, iniciou carreira literaria en 1966 como letrista de cancións. Columnista de xornais desde 1971, é tamén autor de contos, novelas e libros de viaxes: máis de cincuenta títulos entre os que salienta “A nosa cinza”, con 16 edicións desde 1980. É un dos autores en lingua galega máis lidos e o seu último traballo é a triloxía “Evanxélica memoria”.



Ilustración Xaquín Marín

Enxeñeiro de Telecomunicación e escritor. Que poñemos primeiro?

A min gústacheme responder como o Fernando Namora (salvando as distancias, claro). Cando lle preguntaban ao gran romancista portugués que era máis, se médico ou escritor, respondía “Eu sou um médico que escreve”. Eu son un profesional da Telemática que lle rouba horas ao sono para bater nas teclas.

A súa formación técnica incide dalgún xeito no seu modo de facer literatura?

Moi probablemente: a formación nas escolas técnicas (polo menos nos meus tempos) obrigaba ao rigor. Na de Telecomunicación había un catedrático que non lía exames con faltas de ortografía. Decía que “o deber do enxeñeiro é aprender o código e aplicalo correctamente”. A min parécenme xogos de bobos textos coma o Caim do Saramago, sen regras de puntuación.

“Nesta vida non hai nin ciencias nin letras, senón curiosidade intelectual” dixo vostede nalgunha ocasión. Segue mantendo esta crenza?

Por suposto. En Bruxelas comparto mesa, cervexa e conversa con dous galegos ilustres. Un é médico e biólogo; o outro, físico de partículas elementais. Ambos son lectores empedernidos de diversas literaturas. Un fai verso e prosa en modo artístico; o outro, escribe crítica sen favores a ninguén. O primeiro, compostelán, é Xavier Queipo. O segundo, ourensán, Jorge Velasco. Os tres coincidimos de cheo na idea: ninguén nos formou para as Letras pero somos curiosos delas e exercémolas. Aínda máis, entendemos os de Letras que navegan polos nosos mundos levados polo interese.

A tecnoloxía e as letras parecían dous mundos afastados ata hai moi pouco tempo. Considera que a converxencia está chegando da man das novas tecnoloxías?

Sen dúbida. Pero quizais o expoña doutra maneira: antes, a xente de Letras permitíase o luxo de desprezar as técnicas modernas. O Cela escribía con pluma e o Blanco-Amor riase de min porque lle decía que eu escribía cun ordenador. Porén, hoxe hai poetas que saben que o mellor medio de difusión para os seus poemas é a web; e hai narradores a pensaren no hipertexto e nos hipermedia...

Vostede é un exemplo desta converxencia: profesor de Medios de Transmisión na Facultade de Informática e de Fundamentos dos Multimedia na Facultade de Ciencias da Comunicación.

Quizais no meu caso haxa coincidencia casual, aínda que non nego que a formación no eido das telecomunicacións e da informática me levase a tratar fenómenos humanos como son a fala, a fabulación, a música, a escrita... Ora, poñamos un caso diferente desde o punto de vista da base de coñecemento formal. Velaí o Marcelino Fernández Mallo, economista, cronista e narrador con folgos. Nada lle ensinaron na facultade sobre a condición fabulatoria dos humanos, e véxase como escribe.

Desde sectores das disciplinas das chamadas letras está a lanzarse a mensaxe de que a xuventude cada vez se expresa peor e non só non redacta de modo axeitado, senón que comete erros imperdoables en ortografía. Está de acordo con esta opinión?

Plenamente. Poño un exemplo. A palabra “robustez” é coincidente en galego e en castelán. Pois, cando eu ensinaba Redes de Ordenadores (que han de ser robustas para seren boas), os que me escribían en galego púñanme “robustede” e os que me escribían en castelán, “robusted”... Claro que diso tiñan a culpa o Paco Vázquez (“La Coruña es mi ciudad”), o desastre do bilingüismo agónico chamado harmónico e que España é un exemplo de covardía educativa. Nos meus tempos tiñamos exame de Ingreso, reválidas do bacharelato elemental e o superior, preuniversitario e selectivo. Por iso os catedráticos de universidade se permitían non ler exames con faltas de ortografía... Ah, e aos rapaces burros ninguén os levaba ao psicólogo. Escribían as palabras cen veces e acababan aprendendo a ortografía.

Cal pensa que é o futuro que lle agarda ao libro convencional, en papel, tal e como o entendemos actualmente, neste mundo globalizado e dominado pola tecnoloxía? Podo estar equivocado, pero un ten as súas intuicións, as súas fantasías fillas da experiencia... Coido que o libro convencional non vai desaparecer nunca. O que si vai morrer é o sistema de produción e distribución de textos, ilustrados ou non. Prevezo moita lectura en dispositivos electrónicos, e moito libro convencional

impreso baixo demanda. O que non vexo de aquí a uns anos é grandes tiraxes, inmensos almacéns de libros e librarías como as de hoxe. Os libros van ser anunciados e difundidos en modo web e, na maioría dos títulos, impresos por petición do cliente, un a un... Quedarán, en todo caso, tiraxes breves de libros artísticos, obxectos belos per se, interesantes por algo máis que o texto.

Falando xa da súa traxectoria literaria, é vostede un dos autores galegos máis lidos, cunha temática que abrangue desde a emigración ata a comunidade evanxélica. Elixo vostede os temas ou é ao contrario?

Na miña pequena historia persoal, como na de todos os narradores non literatos, hai varias etapas: nunha primeira está o relato do moi próximo á vivencia; na segunda, a mestura das vivencias coas historias oídas. Na terceira –en que agora me encontro– as historias veñen a nós. Decateime disto haberá uns dez anos, cando se dirixiu a min un grupo de señores pedíndome que contase a súa peripecia porque me consideraban un “escritor acreditado”. Fíxome moita ilusión porque meu pai era médico e sempre falaba dos colegas “acreditados”.

Cal é a obra de que se sente máis orgulloso?
Sempre digo que a miña mellor novela é “Nos pagos de Huinca Loo”, e, porén, non tivo a sorte de long-seller como “A nosa cinza” ou “Fábula”.

En que proxectos literarios está traballando actualmente?

Como dicía antes, por fortuna, as historias veñen a min. Levo escritas unhas trescentas páxinas dunha aventura curiosa da emigración no Caribe e espérame outra tamén caribeña en que aparece ata o mismísimo Papillon en persoa (onde non houbera un galego é que non había vida). A seguir, manexarei unha narración sinistra que ten que ver con algo moi de moda hoxe, pero moi vello desde que Eça escribira “O crime do Padre Amaro”. Despois, algo sobre



Foto Cé Tomé

o que xa ando: a desventura dun reloxeiro xenial a que o nacional-catolicismo arruinou por comunista, e quizais mandou matar. Despois, se a saúde der e tres homes que hoxe contamos con ela estivermos con vontade de facelo, atacaremos en modo novela unha fortaleza contra a que ningún xornalista se atreve...

Vostede naceu en Miguelurra, provincia de Cidade Real. Que o levou a escribir en galego?

O mesmo que nos levou ao Andrés do Barro, a min, ao Xosé Manuel Silva, ao Xoán Rubia, ao Vicente Araguas... e a tantos máis, a facermos canción en galego. Pero, despois, cando comecei a pór oído e a saber historias, sentín que Valle-Inclán, a Pardo Bazán, Fernández Flórez, Torrente Ballester e demais “escritores gallegos” son uns traidores, aos que se lles debería retirar a nacionalidade ancestral: porque non é moral tirar substancia literaria dun pobo para entregala en prosa allea. Confeso que sempre me sentín así, traidor, escribindo historias argentinas en galego, mesmo coa desculpa de que os personaxes sexan galegos... Non sei. Se cadra estou errado. Pero na vida non sempre vale discorrer. Tamén cómpre sentir. E iso é o que eu sinto...

Cal é a súa valoración sobre a realidade editorial galega?

Que se editan moitas narracións sen substancia, de xentiña que nin viviu nin soubo pór a orella; e demasiadas historias para nenos e rapaces que eu de neno e rapaz nunca tería engulido. Pero, curiosamente, esas parvadas son as que dan cartos e fan famosos dentro e fóra de Galicia algúns mestres da prosa.

E xa como enxeñeiro de Telecomunicación, doutor en Informática e docente na UDC, como considera que se debe aproveitar o potencial investigador da universidade e a súa relación coa sociedade e a empresa?

A universidade ten que pór en claro, dunha vez e para sempre, se a súa función principal é docente ou investigadora; e cales son os límites da investigación a que vai dedicar os seus esforzos... É un feito que a sociedade (e máis cando xa sabemos que os recursos do Globo son limitados) necesita de investigación a longo prazo e ao límite do coñecemento; que a industria precisa de investigación aplicable a solucións técnicas a curto prazo; e que toda actividade humana está necesitada de innovación; que a innovación non é un acto, senón un proceso... A universidade tamén ten que aclarar se quere recibir coñecemento da empresa. Se así for, e para cerrar o circuito de realimentación, o status do profesor asociado debe mudar porque fai falta moita vocación para dar aulas por tan pouco soldo...

Pensa que existe suficiente transferencia de resultados da investigación universitaria á empresa e á industria ou aínda queda camiño por percorrer?

Volvo ao anterior. Se a universidade aposta sen dúbidas pola investigación nas tres áreas de I+D+i, daquela o camiño é longo e largo. O problema tamén está en que industria rodea a universidade e na capacidade da universidade para xerar empresas cuxo valor principal sexa o da descuberta e a invención continuadas, en proceso permanente. O ideal sería que os profesores universitarios non fosen funcionarios, senón contratados laborais con dereitos de retorno ao nivel laboral adquirido; e que a lexislación laboral considerase as prestacións sen diferenciar entre asalariado e autónomo. Así teríamos a posibilidade de alternancias entre docencia, investigación e traballo na empresa. O ciclo de realimentación non se cortaría, habería ósmose de coñecemento...

Foto Cé Tomé



Lectorados

Os ecos da lingua galega escóitanse en corenta universidades do mundo

Os ecos da lingua galega escóitanse en Universidades de América, Asia, Europa e incluso Oceanía grazas ao labor dos Centros de Estudos Galegos dependentes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que suman 45 na actualidade, incluíndo os dez que se atopan en universidades españolas. Deles, 34 contan cun lector e 11 non dispoñen desta figura. Nestes centros non só se ensinan a lingua, a historia ou a cultura galegas a través de materias adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade que se inclúen nos plans de estudo de diferentes titulacións, senón que tamén se promoven todo tipo de actividades, que van desde xornadas a congresos relacionados coa identidade galega. Así, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en 40 universidades de todo o mundo é unha realidade consolidada que leva contribuído de xeito fundamental á difusión exterior do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas, e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes, ao observar o interese e o recoñecemento que posúe fóra.

No referente á investigación lingüística, destacan as traducións dos autores galegos á lingua do país onde se atopa o centro. Por exemplo, no de San Petersburgo emprendeuse a tradución ao ruso de antoloxías de literatura galega, con fragmentos da obra de Rosalía de Castro ou Castelao, e hai varios centros en que se elaboraron ou se están a elaborar dicionarios de galego. Ata o cambio de goberno, o período máximo que podía pasar un lector nunha universidade era de cinco anos, pero actualmente restrinxíuse a tres.

A maior parte dos lectores son licenciados en Filoloxía Galega, aínda que existen titulados doutras carreiras relacionadas coa lingua e a literatura. Con respecto ás materias que se imparten, adáptanse ás necesidades do alumnado de cada universidade e abranguen desde Gramática Histórica ata cursos de conversa ou cursos de lingua e civilización.

Moitos destes lectores non só son conscientes de que están difundindo a lingua e a cultura galegas. Séntense tamén como unha especie de “embaixadores de Galicia”, e para eles supón unha gran satisfacción escoitar os seus alumnos

cando empezan a falar a lingua de Rosalía en países tan afastados a nivel cultural como Croacia, Rusia, Finlandia ou Polonia, ou a nivel físico, como os países latinoamericanos, aínda que estes reúnen unhas características, tanto por achegamento cultural como polo fenómeno da emigración que os fan especiais na súa relación con Galicia.

Na súa función de espallar a cultura, a identidade e a lingua galega no ámbito universitario, os lectores viven unha experiencia normalmente inesquecible, e van máis alá do soldo, xa que na maioría das ocasións é o primeiro contacto coa docencia, serve para integrarse noutras culturas, na realidade cotiá doutros países e mesmo para aprender outra lingua nalgunhas ocasións. Non é o caso dos países latinoamericanos, onde xa existe un idioma común, hai comunidades galegas importantes e moitos alumnos son descendentes de galegos. Aínda así, os lectores aseguran que nin moito menos son maioría estes fillos e netos de emigrantes os que enchen as clases de galego. Existen numerosas motivacións para animarse a achegarse á lingua e á realidade galega, desde visitas anteriores á comunidade ou viaxes próximas, ata o Camiño de Santiago ou contextos sociopolíticos similares aos de Galicia, que fan os alumnos máis sensible cara ás linguas minoritarias.

Antonio Torres é o responsable de lectorados da Secretaría Xeral de Política Lingüística, polo que o seu papel é o de interlocutor directo entre os lectores e a Administración.

Coñece mellor que ninguén as súas inxerencias, as súas reivindicacións e o balance que fan das súas experiencias. Coincide con eles en que pese a que todo podería mellorar, aos lectores “o que lles gustaría é que este posto fose de por vida”. De feito, moitos quedan nos países receptores, como é o caso do lector de Salvador de Bahía, en Brasil que, como lembra cun sorriso Torres, montou alá un negocio de tortillas de pataca.

PAÍSES CON LECTORADOS

- ALEMAÑA.
- ARGENTINA.
- BRASIL.
- CHILE.
- CROACIA.
- CUBA
- ESPAÑA
- ESTADOS UNIDOS
- FINLANDIA
- FRANCIA
- HUNGRÍA
- ITALIA
- IRLANDA
- MÉXICO
- POLONIA
- PORTUGAL
- REINO UNIDO
- RUSIA
- URUGUAI

Facultade de Filoloxía

Os profesionais das letras súmanse á innovación ao servizo da sociedade

“Cando se lles pregunta ás empresas que valoran nos profesionais titulados, o coñecemento de linguas, a habilidade para comunicar, a capacidade de organización e saber traballar en grupo encabezan a listaxe de destrezas”, unhas cualificacións que, como lembra Teresa López, a decana da facultade coruñesa en que se forman os profesionais das letras, se adquiren nunha titulación de carácter filolóxico. De forma similar a outras carreiras de humanidades, Filoloxía arrastra a lousa das dúbidas sobre as súas saídas laborais, cando o horizonte de futuro dos mozos e das mozas que optan por esta formación ten moitas máis oportunidades que a docencia.

Como moitos centros da Universidade da Coruña, a Facultade de Filoloxía iniciou xa o proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior. Nela impártense os graos de Español: Estudos Lingüísticos e Literarios; Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, e Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios, en que os alumnos adquiren competencias profesionais nas linguas e nas literaturas destes idiomas. Nestas titulacións, os dous primeiros cursos están unificados, co que, independentemente do grao que cursen, os estudantes terán coñecementos de lingua e literatura galega, española e inglesa. Neste novo deseño das carreiras, que procura darlle ao estudante unha formación básica sólida e que lle facilita cursar outro título de grao unha vez rematada a súa titulación, destaca tamén o interese por ampliar as competencias dos alumnos, permitíndolles aprender unha segunda lingua estranxeira, técnicas de tradución ou o manexo das tecnoloxías da información e da comunicación, xa que hoxe en día tamén é fundamental para un filólogo dominar estas ferramentas. Todo isto xunto coa formación específica propia de cada titulación.

Neste ano académico implantouse o primeiro curso dos graos e para Teresa López o balance é positivo, “sempre desde o convencemento de que estamos nos primeiros pasos e hai cousas que revisar”, precisa a decana, que considera que os alumnos se están adaptando razoablemente ben a este novo escenario académico. “Están en período de mudanza, e acceden a unha universidade inmersa nun proceso de redefinición da relación entre alumno e profesor”, explica Teresa López, e lembra

que as dinámicas son diferentes ás do sistema anterior, sobre todo porque agora os estudos universitarios se organizan arredor do traballo do alumnado, e iso require un proceso de adaptación. En calquera caso, pensa que “o resultado está sendo bo, aínda que teremos que completar a implantación dos títulos de grao para ter elementos sólidos de xuízo”.

O deseño dos novos títulos de grao en Español, Galego e Portugués e Inglés atende tanto ás posibilidades dos estudos lingüísticos como ás dos literarios. Un dos seus obxectivos é reforzar a formación sólida, transversal e polivalente que sempre caracterizou os titulados en Filoloxía, e atender á súa dimensión aplicada. Isto favorece a formación de profesionais preparados para traballar en ámbitos diversos.

A comunicación pública, a industria editorial, a dinamización cultural, a normalización lingüística, a publicidade, as relacións internacionais, a xestión cultural..., son só algúns exemplos de contornos profesionais onde os filólogos poden desenvolver o seu traballo como redactores, correctores, editores de publicacións, asesores literarios, xestores, tradutores especializados, mediadores etc.

Hai titulados en Filoloxía que se animan a crear a súa propia empresa de servizos lingüísticos, de xestión cultural, de edición profesional ou de produción e difusión cultural. Un exemplo pode ser a incorporación ao viveiro de empresas da Universidade da Coruña dunha iniciativa de ex-alumnos da Facultade, Galebook, dedicada ao libro dixital.

Con respecto ás oportunidades de inserción laboral, a Facultade de Filoloxía leva anos realizando un importante labor para ofertar prácticas profesionais ao alumnado, de xeito que xa durante os seus estudos universitarios coñezan as posibilidades de traballo e acaden unha experiencia acreditada poñendo en práctica os seus coñecementos e movéndose nun contorno laboral real. Por exemplo, durante este curso, os alumnos poderán realizar prácticas en entidades como a Cruz Vermella, o Centro de Supercomputación de Galicia, a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, Hércules Edicións, así como en revistas,

agrupacións culturais, bibliotecas, concellos etc. Nesta mesma liña hai que sinalar a organización anual das Xornadas de orientación laboral, que contan sempre coa participación de empresarios de diferentes sectores, empregadores de filólogos.

Os filólogos tamén están presentes nas empresas do ámbito tecnolóxico: o seu labor é necesario no deseño e mantemento de tradutores e correctores automáticos, na creación de contidos para contornos dixitais ou de plataformas de e-learning. Tendo en conta esta realidade, ademais dos mestrados en lingüística, a Facultade ofrece un mestrado universitario en Lingua e Usos Profesionais, que combina a formación en ferramentas informáticas e xestión da información, a creación de textos, a corrección normativa, o dominio das linguas específicas e a súa aplicación en ámbitos profesionais.

Na Facultade de Filoloxía investigase e ensínase a investigar, xérase coñecemento: un coñecemento que contribúe ao desenvolvemento persoal e social e que tamén se transfere á sociedade: por exemplo, nas industrias da lingua e da cultura.

En suma, sinala Teresa López, “formamos persoas con capacidades moi diversas que lles permiten adaptarse a contornos laborais diferentes, e contribuímos decididamente ao desenvolvemento social”.





Galebook

Na procura do libro electrónico galego

Universidade e Sociedade Blogpaper



Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

U + Transferencia P4-5

Actividade investigadora na
Facultade de Filoloxía

U + Debate P6

Olivia Rodríguez González
M^a Jesús Cabarcos Traseira

U + Docencia P7

Centro de Linguas

Primeiro Plano P8-9

Xavier Alcalá

U + Reportaxe P10

Lectorados

U + Centros P11

Facultade de Filoloxía

U + Emprendedores P12

Galebook

U + Empresa P13

Cámara de Comercio
da Coruña

U + Profesionais P14

Eva Parga Dans

U + Actualidade P-15

U + Personaxes P16

Xosé Luís Méndez Ferrín

O carácter innovador deste proxecto atópase na sinerxía das humanidades e da tecnoloxía, en que resulta fundamental a relación das TIC co ámbito cultural, literario e editorial galego. Utilizaranse a tecnoloxía da tinta electrónica, os novos formatos dixitais e os dispositivos electrónicos que están aparecendo no mercado para lle ofrecer á cidadanía galega un produto novo: o libro electrónico galego.

Unha vez finalizado o Mestrado en Lingua e Usos Profesionais na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, os compañeiros Pilar López Esperante, Estela Mosqueira Suárez, María Prol Conde e Felipe García Fandiño decidiron levar adiante unha iniciativa empresarial en que os filólogos desempeñasen un papel fundamental. O auxe das novas tecnoloxías relacionadas coa lectura, a educación e a aparición no mercado dos dispositivos e-reader así como dos encerados dixitais e doutros dispositivos electrónicos, foron de vital importancia para que, finalmente, este grupo de emprendedores se decidise por cubrir ese nicho de mercado en Galicia.



Foi entón cando comezaron a buscar apoios para o desenvolvemento do seu proxecto e solicitaron praza no viveiro de empresas da UDC co fin de crear unha Spin Off de base tecnolóxica. Ali están desde decembro de 2009, perfilando este innovador proxecto empresarial na área das humanidades que ten como obxectivo “contribuír á normalización da nosa lingua e da nosa cultura na rede e na sociedade da información”, indican os investigadores. O seu reto é servir de plataforma de referencia na distribución e promoción do libro dixital galego e dispor dun amplo número de obras facilitándolles ás editoriais o proceso de transformación de formato impreso ao formato electrónico. Outra das súas metas principais é “a creación de contidos dixitais de carácter educativo e a súa distribución a través da nosa plataforma”.

Galebook preséntase como unha empresa con persoal altamente especializado e conta cos recursos humanos e tecnolóxicos necesarios para a realización das distintas tarefas. A formación como filólogos dos seus fundadores e a súa especialización a través do Mestrado en Lingua e Usos Profesionais da Universidade da Coruña son fundamentais para levar a cabo a meirande parte do traballo, pero tamén consideran a posibilidade da futura contratación de persoal doutras áreas, como informática, deseño gráfico ou administración e dirección de empresas.

Os servizos que ofrece o proxecto son, principalmente, a publicación e comercialización dos libros electrónicos publicados en Galicia, así como a dixitalización previa das obras, sempre que sexa necesaria, e a súa conversión a formatos lexibles polos novos aparellos de lectura. Así, os lectores poderán descargar e-books galegos de calidade nos formatos PDF, EPUB etc para os seus terminais de lectura e terán acceso ás novidades editoriais, así como a ofertas especiais e promocións. Galebook será tamén creador de contidos educativos dixitais trilingües (galego, castelán e inglés), necesarios para os dispositivos electrónicos que estarán presentes nas aulas dos colexios galegos a partir do próximo curso.

“Os nosos clientes serán, por unha banda, as empresas editoriais galegas e os servizos de publicacións que desexen xerar as súas obras en formato dixital para a súa posterior distribución e, por outra, o alumnado e en xeral os lectores de obras en galego”,

explican os promotores, que en breve constituirán Galebook como empresa para iniciar a súa aventura empresarial.

Con respecto á súa particular radiografía sobre este sector en Galicia, todo parece indicar que é emerxente, xa que no momento en que os catro investigadores comezaron a recoller información acerca do libro electrónico, “a presenza do ebook e dos contidos dixitais en galego era case nula”. Aínda así, constataron que “están aumentando a un ritmo imparable e está previsto que, arredor do ano 2014, a demanda de contidos dixitais do mercado galego para os e-readers e outros dispositivos electrónicos será tan importante que se converterá nunha necesidade”. Neste sentido, engaden que “nós aspiramos a dispoñer para esas datas dun amplo catálogo acorde coas necesidades dos lectores e consumidores de contidos dixitais”. Consientes da necesidade de innovar para ser competitivos, os seus proxectos de futuro son abrir a empresa a outros mercados e investir en I+D para adaptarse aos distintos cambios e evolucións do mercado no que respecta á relación entre a lingua e as novas tecnoloxías.

Para os promotores de Galebook, xa é unha realidade que o mercado dos libros electrónicos non para de medrar; a revolución prodúcese coa aparición no mercado de diferentes dispositivos electrónicos (e-readers, PDA, encerados dixitais, teléfonos móbiles) e outros aparatos que están creando e dinamizando un novo hábito de lectura e, polo tanto, unha nova forma de consumo no mercado do libro. O feito de que as grandes multinacionais (Google, Amazon, Telefónica etc.) se sumen ao proxecto de dixitalización de fondos públicos e privados augura o éxito desta nova forma de consumo, os libros dixitais. Ademais, lembran que os formatos dixitais presentan importantes vantaxes porque implican a diminución dos custos de publicación e difusión no mercado e polo tanto teñen un prezo máis accesible que o formato impreso.

O carácter innovador deste proxecto atópase, precisamente, na sinerxía das humanidades e da tecnoloxía, sendo fundamental a relación das TIC co ámbito cultural, literario e editorial galego para lle ofrecer á cidadanía un produto novo: o libro electrónico galego.

VIVERO DE EMPRESAS

U+E
M
P
R
E
S
A



Cámaras
Fundación INCYDE



FONDO EUROPEO
DE DESARROLLO
REGIONAL

EDIFICIO COFINANCIADO POR LA UNION EUROPEA

Cámara de Comercio da Coruña

Unha colaboración activa na aposta pola internacionalización dos profesionais coruñeses

A Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación é unha das entidades con maior peso e arraigamento na comarca coruñesa. Desde o seu ano de creación, en 1886, promove o crecemento económico da sociedade que a rodea, co obxectivo de facer máis competitivas, cada día, as empresas da súa demarcación. Está gobernada polo Pleno, constituído por entidades elixidas democraticamente cada catro anos e da súa xestión encárgase o Comité Executivo, órgano permanente de xestión, elixido polo Pleno de entre os seus membros.

O cometido fundamental da Cámara de Comercio é representar os intereses xerais das empresas ante as distintas administracións. Ademais, presta servizos de información e asesoramento, accións de promoción do tecido empresarial coruñés e internacionalización das entidades de toda a comarca, realizando numerosas campañas e misións no estranxeiro. Outro dos ámbitos importantes de actuación desta institución é precisamente a formación, organiza cada ano entre 150 e 200 actividades formativas, a que asisten arredor de 4.000 alumnos, que inclúen desde mestrados ata cursos superiores ou conferencias, xornadas, seminarios e cursos. En canto á temática, abarca fundamentalmente a xestión empresarial, contabilidade, informática, vendas, recursos humanos, comercio exterior, idiomas, fiscalidade ou temática europea etc.

Neste plan formativo, que se programa semestralmente, a organización é asumida ben na súa totalidade pola Cámara ou en colaboración con organismos e institucións públicas e privadas de recoñecido prestixio. Unha delas é a Universidade da Coruña, con que a entidade cameral colabora de xeito estreito desde hai anos. Neste sentido, destaca o convenio de colaboración suscrito coa UDC desde 1992 para desenvolver o Mestrado en Estudos da Unión Europea, que se realiza na Facultade de Dereito. O obxectivo deste mestrado é afondar na formación especializada e multidisciplinar, en todas as materias que comprenden as múltiples dimensións da Unión Europea. En particular, diríxese á formación de profesionais cualificados na Administración europea e na xestión de recursos comunitarios. Deste xeito, a Cámara de Comercio ofrece a posibilidade de realizar prácticas profesionais a bolseiros do mestrado.

A Cámara de Comercio coruñesa tamén colabora coa UDC en accións de difusión e participación en actividades enmarcadas noutros programas formativos como os curso de experto en Dirección de Recursos Humanos ou Mestrado en Asesoramento Xurídico Empresarial. Ademais, ten suscrito un convenio coa Facultade de Informática para a formación dun bolseiro na Cámara de Comercio, así como unha colaboración económica coa Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña.

No eido educativo destaca tamén a posta en marcha no ano 2009 do novo Centro de Formación da Cámara de Comercio. A súa misión é ofrecer un servizo innovador e de calidade, potenciando a formación que capacite os empresarios e empregados para unha maior competitividade das súas empresas. Está situado na nova área de negocios da Coruña, no contorno do recinto feiral de Expocoruña.

Con respecto á relación universidade-empresa, a Cámara de Comercio forma parte do conxunto de entidades e empresas que aposta polos servizos dos investigadores da UDC. De feito, subscribiu en varias ocasións contratos coa Facultade de Ciencias Económicas para realizar estudos de carácter financeiro relacionados con diversos aspectos que afectan á demarcación da Coruña. A Cámara de Comercio forma parte tamén como socia fundadora da Fundación Universidade da Coruña, con que colabora economicamente, ademais de acoller bolseiros.

Por último, na súa aposta pola dinamización do tecido empresarial coruñés, a Cámara de Comercio está facendo especial fincapé no apoio ás iniciativas dos novos emprendedores. Igual que a Universidade da Coruña, esta institución creou un viveiro de empresas para lles ofrecer oportunidades ás persoas ou aos colectivos que queren desenvolver unha idea de negocio, facilitándolles asesoramento, así como un local onde contan con todos os equipamentos e servizos necesarios para dar os seus primeiros pasos no sector. O viveiro de empresas está situado no polígono de Bértoa, en Carballo, moi próximo á Coruña.





Eva Parga Dans

Licenciada en Socioloxía pola UDC e investigadora do CSIC

“O máximo rendemento na Universidade é a mellor carta de presentación no mercado laboral”

Que lembranzas recorda con máis cariño da súa época como universitaria na Coruña?

Sen dúbida, os momentos e as experiencias compartidos cos amigos e cos profesores, as inxedanzas, o debate, a constante xeración de ideas e o contorno dinámico, crítico e reflexivo.

Que lle achegou, principalmente, o seu paso pola Universidade da Coruña a nivel persoal?

Principalmente, achegoume un xeito de entender, de escoitar e de reflexionar; ademais de coñecementos, recursos e ferramentas para enfocar e interpretar a realidade desde a perspectiva sociolóxica.

E a nivel académico e profesional?

Esta etapa foi moi importante para aprender a pensar, a preguntar, a reflexionar, a debater e, polo tanto, a compartir e xerar ideas. Facendo repaso do pasado, penso que nesa etapa adquirín moitos coñecementos que, se ben despois tiveron que ser reformulados e adaptados ao mercado laboral, proporcionáronme unha perspectiva de interpretación moi útil para o desenvolvemento da miña carreira investigadora. Ademais, durante este período establecín un primeiro contacto co contorno investigador, o que me levou a coñecer o Laboratorio de Patrimonio (LaPa), onde desenvolvo a miña carreira e a traxectoria científica actual.

Estudaría de novo a mesma carreira na mesma universidade?

É moi difícil mirar cara a atrás e saber que tería feito desde a vantaxosa posición que nos outorga o presente. Sen dúbida ningunha podo afirmar que o meu paso pola Universidade da Coruña é unha parte da miña persoa que non cambiaría; pero tamén é certo que ao ter estado noutras universidades e no CSIC accédese a diferentes realidades, contextos e contornos que son desexables para a formación académica e investigadora. Por exemplo, é moi interesante formarse en relación co modelo de aplicabilidade da ciencia e non só a transmisión de coñecementos académicos, ou a formación universitaria a través de relacións entre universidade-empresa-sociedade, e a aprendizaxe doutros idiomas.

Cando rematan a carreira, moitos estudantes atópanse nun limbo antes do seu acceso ao mercado laboral. Desde a súa experiencia, que consello lles daría?

Opino que esa sensación de desorientación pola que todos temos pasado é o resultado dun baleiro institucional ante a demanda social de establecer directrices para unha adecuación cara á oferta de traballo existente. Por iso, é moi importante desde as institucións competentes desenvolver modelos de xestión e de transferencia de coñecemento e establecer relacións formais entre o contorno académico, industrial e gubernamental. Aínda así, a iniciativa persoal daqueles alumnos que estean rematando os seus estudos para buscar e xerar novas oportunidades é moi importante, igual que tratar de obter o máximo rendemento durante a etapa de formación, porque esa vai ser unha carta de presentación para a incorporación ao mercado laboral.

Que foi o que a levou a enfocar a súa carreira cara á investigación?

O meu primeiro contacto con este mundo comeza coa obtención de dúas bolsas en departamentos da Universidade da Coruña. A través desta introdución no ámbito investigador coñecín o CSIC, que ofrece múltiples posibilidades para o desenvolvemento de carreiras investigadoras. Despois comecei a traballar co Laboratorio de Patrimonio en Santiago e este ano presentarei a tese de doutoramento.

O CSIC é unha referencia para os universitarios que intentan abrirse camiño na investigación. Pensaba que ía chegar a ese nivel?

Cada etapa é un proceso de adaptación ás circunstancias. Efectivamente, o CSIC é unha institución sólida en España que traballa en ámbitos estratéxicos moi diversos e que está interesada naquelas persoas que demostren o seu interese e capacidade para a investigación.

Cales son as liñas de investigación que desenvolve actualmente?

Traballo nunha liña estratéxica de investigación do Laboratorio de Patrimonio (LaPa-CSIC) denominada “Socioeconomía do Patrimonio”. É nova, necesaria e pioneira en España e no contexto internacional. Preténdese analizar o impacto social e económico da cultura como un sector creador de emprego e dinámico en termos de innovación.

En concreto, está a desenvolver un estudo pioneiro sobre a arqueoloxía comercial española. En que consiste?

A miña tese desenvolve unha análise en profundidade da arqueoloxía comercial española, un sector económico novo impulsado desde as institucións para a protección do patrimonio, sobre o que apenas existen datos e fontes de información. A través deste traballo analízanse os requirimentos de innovación e de transferencia de coñecemento neste sector para favorecer a súa dinamización tecnolóxica e produtiva. Trátase dun estudo de carácter aplicado a través dunha ferramenta analítica desenvolvida para este contexto, co fin de observar a necesidade de establecer modelos de xestión e normativas que incentiven a innovación no sector e o desenvolvemento dun mercado que crea emprego, impacto no PIB e, por tanto, benestar social.

Moitas veces identifícase a investigación con tecnoloxía ou ciencias. Considera que se debería potenciar a investigación en Humanidades e Ciencias Sociais?

Por suposto. Creo que actualmente está demostrado o status científico das humanidades. O problema é que non existe un sistema de indicadores que xustifique a súa importancia e necesidade nos termos establecidos noutras disciplinas. Por exemplo, o impacto das ciencias humanas é difícil de cuantificar a través de patentes, pero está xerando coñecemento, servizos ou procesos. Por esta razón, é importante afondar en métodos de medición de innovación, non só en termos de I+D.

Cal é a súa opinión sobre a polémica da fuxida de cerebros? Pensa que é necesario marchar para triunfar nalgunhas profesións?

Pola miña propia experiencia considero que é moi importante formarse noutros contextos, aprender diferentes know-hows e intentar adaptar eses coñecementos ao noso contorno máis próximo para ser máis competitivos, dinamizadores e, en definitiva, mellorar. O problema reside en que non sempre é posible conseguir condicións laborais estables ou comparables ás que lles ofrecen outros países ao persoal especializado. Actualmente, a consolidación dos investigadores no contexto español é moi complicada, o cal é, sen dúbida, lamentable xa que estamos perdendo persoal altamente cualificado e de gran valor para o desenvolvemento do noso país.

Inditex e a UDC colaborarán para impulsar accións de responsabilidade social

O vicepresidente de Inditex, Pablo Isla, e o reitor da Universidade da Coruña, José María Barja, asinaron un convenio de colaboración para desenvolver actividades dirixidas á implantación dun modelo de Responsabilidade Social Universitaria, coa coordinación do Consello Social da UDC, na súa calidade de órgano de participación da sociedade na Universidade. A institución académica quere afondar para desenvolver un modelo propio co fin de avanzar na súa política de transparencia, xestión participativa, valores éticos e compromiso social e medioambiental. Deste xeito, o acordo ten por obxecto impulsar o posicionamento estratéxico da UDC mediante a realización de actividades vinculadas á responsabilidade social, en que contará coa experiencia acumulada por Inditex neste ámbito. As actuacións previstas inclúen realizar estudos e investigacións, organizar actividades de formación e foros de encontro de expertos, intercambiar información, coñecemento e experiencias; establecer convenios con outras universidades, institucións ou empresas; así como poñer en marcha programas concretos de acción social e sustentabilidade medioambiental.

A Universidade realizará un estudo sobre o impacto do porto exterior no emprego da cidade da Coruña

O reitor da UDC, José María Barja, asinou un convenio de colaboración co primeiro tenente de alcalde e responsable da Cancellaría de Promoción Económica e Emprego, Henrique Tello, para realizar un "Estudo sobre o impacto do porto exterior no emprego na cidade da Coruña e outras oportunidades de negocio". Este acordo vén formalizar un traballo xa iniciado hai meses que permitirá o inicio inmediato do estudo, para que poida ser presentado antes de final de ano. A investigación inclúe a análise documental e de impacto económico e territorial da prestación de servizos nas novas instalacións portuarias sobre o tecido produtivo existente na cidade da Coruña. Tamén se analizarán as novas tendencias en canto a especialización profesional relacionada coas actividades portuarias, a execución dunha obra pública de nova construción, a reedificación dos terreos do actual porto, así como as infraestruturas do transporte terrestre e por ferrocarril. Para o primeiro tenente de alcalde, este estudo da UDC permitirá ao Goberno local dispoñer dun estudo serio e rigoroso para orientar e adecuar a formación que se ofrece a través do Servizo Municipal de Promoción Económica e das entidades da Rede Coruña Emprega ás necesidades e demandas reais das empresas. A responsable do Observatorio Ocupacional da UDC e coordinadora do estudo, María Jesús Freire, asegurou que a fiabilidade deste traballo roldará o 98%, o que o converterá nunha base sólida para as posteriores iniciativas que se realizarán de cara a potenciar e mellorar a situación laboral na Coruña.

Carlos Amoedo substitúe a Xosé Manuel Carril á fronte da Secretaría Xeral da UDC

O catedrático de escola universitaria de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña, Carlos Amoedo Souto, tomou posesión o 3 de maio como secretario xeral desta institución académica. Substitúe a Xosé Manuel Carril Vázquez, que deixa o cargo para retomar o seu labor docente e investigador, así como para encarar futuros retos profesionais. Carril Vázquez estivo á fronte da Secretaría Xeral da Universidade da Coruña algo máis de catro anos. É profesor titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social.



Xosé Luís Méndez Ferrín

Presidente da Real Academia Galega

O mellor recordo como estudante (na escola/instituto ou universidade)

O recibimento de Otero Pedrayo a nós, os alumnos de 1.º de Filosofía no curso 1955-1956.

O/a profesor/a que máis o marcou (na escola/instituto/universidade). Por que?

O citado Otero Pedrayo.

A súa materia pendente

A entomoloxía.

A viaxe de fin de curso que lle gustaría ter feito

A Samarkanda.

A principal lección que lle deron.

Francisco Cerviño, profesor de historia, terceiro de bacharelato, Pontevedra. Díxonos que o galego era o idioma nacional de Galicia.

Se volvese estudar, que elixiría?

Bioloxía.

O mellor consello que recibiu.

“De ti mesmo non fales”
(Bacon)

O logro de que se sente máis orgulloso

De culminar certa marcha esmagadora a caballo.

O seu maior reto cumprido na súa profesión

Algunha clase sobre Frei Luís de León.

O seu ben máis prezado

A miña familia.

